

PSICONAUTAS, OS NENOS ESQUECIDOS

Título orixinal *Psiconautas, los niños olvidados* **Dirección** Pedro Rivero e Alberto Vázquez **Año** 2015 **Duración** 76 min. **Guión** Alberto Vázquez e Pedro Rivero, adaptación animada da novela gráfica homónima de Alberto Vázquez **Voces** Ana Santos, Óscar Fernández, A. Rubal, Uxío Couto, Tere Santamaría, Marián Muíño, Ana Lemos, Monti Castiñeiras, Antón Rey, César Cambeiro, Xermana Carballido, Gelos Rosado, Gaspar G. Somoza, Matías Brea, Montse Davila **Música** Aranzazu Calleja **Montaxe** Iván Miñambres **Dirección de arte** Alberto Vázquez **Produtora** Zircozine, Basque Films, Abrakam Estudio, La Competencia (España) **Distribuidora** La Luna de Tantán **Sinopse** Birdboy e Dinki son dous amigos que decidiron fuxir dunha illa asolada por unha catástrofe ecolóxica: Birdboy illándose do mundo, Dinki emprendendo unha arriscada viaxe coa esperanza de que Birdboy a acompañe **Goya 2016** (Mellor Longametraxe de Animación) **Premios do Cinema Europeo** (nomeado a Mellor Filme de Animación) **Annecy 2016** (Sección Oficial) **Xixón 2016** (Sección Oficial) **Anilogue 2016** (Mellor Longametraxe) **Lund 2016** (Premio do Público) **Stuttgart 2016** (Mellor Longametraxe Animada)

MÁIS PROXECCIÓNS EN MAIO, MES DA LINGUA 2017

Luns 29 ás 20:00 h | Casa das Campás

Os días afogados

César Souto Vilanova e Luis Avilés Baquero, 2015, 87 min.

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>

<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

<https://www.facebook.com/SNLConcellodePontevedra>



PSICONAUTAS, OS NENOS ESQUECIDOS

Alberto Vázquez e Pedro Rivero, 2015

76 min., VDG



A Lingua Latexa



CINECLUBE PONTEVEDRA
ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Psiconautas comezou sendo novela gráfica. Baseada nela, veu a curta *Birdboy*. E despois, a longametraxe *Psiconautas*, que desenvolve a historia dos personaxes de *Birdboy*. Como foron levando uns proxectos aos outros? Fixen primeiro o cómic cando tiña uns 22 ou 23 anos. Tivo bastante repercusión no sector, e un día chamoume un produtor vasco, Pedro Rivero, interesado en facer unha película. Como era difícil conseguilo —facer unha animación para adultos, non comercial, en España...—, decidimos facer a curta. Despois gañamos o Goya, e pasaron dous ou tres anos ata que atopamos as produtoras axeitadas. Así, co apoio de Zircozine e Basque Films, dez anos despois do cómic, saíu a película. Foi un proceso longo e complexo.

A túa outra curta *Decorado* foi seleccionada para Cannes e para Annecy. Como foi a experiencia? A Cannes fun con *Decorado* e a Annecy con *Decorado* e *Psiconautas*. A longametraxe está nos festivais nos que ten que estar: estamos moi contentos. *Psiconautas* fora antes premiada en Stuttgart... Unhas van axudando ás outras.

«O mundo é un marabilloso escenario, cun reparto deplorable», di un dos personaxes de *Decorado*. Tanto esta curta como *Psiconautas* falan de violencia, marxinação, desigualdade... e absurdo, e de procurar a felicidade no medio do caos. Como a vida mesma? Non sei, supoño que si. A violencia está moi presente na sociedade, polo que a violencia dos meus filmes é unha representación da violencia social. De todas maneiras, eu xogo moito coa fantasía. En *Sangue de unicornio*, a violencia era xa unha premisa: osíños que matan unicornios. Tamén o é en *Psiconautas*. E non é unicamente violencia física, senón tamén verbal: nos diálogos percíbese a violencia psicolóxica. A violencia, claro, é un tema que está aí: é propia da sociedade, e do ser humano. É unha temática que me interesa e que entendo.

En *Decorado* xógase coa confusión entre realidade e ficción. É como unha serie de anuncios publicitarios. Todo é un engano do que os personaxes son conscientes, mais do que non queren espertar... Outra vez... como a realidade mesma. *Decorado* xa se sabe que é iso desde o mesmo título. Para min, é unha fábula existencial, sobre o sentido da vida, tratada desde o humor absurdo e o surrealismo... E iso potenciaise co contraste entre o fondo e a figura. As figuras son antropomórficas, un pouco underground, e os fondos son gravados do século XIX, como estampas, que reciclei. Normalmente parto de premisas estéticas. Neste caso, é unha historia fragmentada en 18 escenas, en todas as cales se canta e se repite a palabra *Decorado*. É habitual que haxa fragmentación nas miñas historias. Tamén a hai en *Psiconautas*, con escenas compostas de moitas escenas e personaxes, que xuntos forman coma un puzzle...

Falabas de toque de estética underground. Iso nótase nos teus filmes. A pegada fanzineira... E cinematográfica, tamén. Veño do cómic e da ilustración, e iso ten que notarse. Se cadra é unha estética que ten algo de expresionista. No tratamento da

cor, por exemplo. En *Psiconautas* hai escenas con tonalidades moi potentes a unha soa gama: escenas vermellas e negras... Tamén son director de arte, pinto fondos...

En *Psiconautas*, os nenos esquecidos son seres marxinaados, afastados dunha sociedade que só lles deixa os refugalloos, controlados por dous mafiosos... Desigualdade e marxinação son moi tratadas nas túas obras. Marxinação por motivo de clase social, por ser diferente... Gústame os personaxes que se sitúan á marxe, porque son un reflexo da sociedade. Pero tampouco sabería explicarche moito máis. Non é algo consciente que aparezan tanto esas temáticas no que fago. En *Psiconautas* hai moito simbolismo relacionado con iso: persoas que viven nunha illa, que queren saír pero non poden porque non teñen cartos; a contaminación da illa, que causa unha influencia externa e interna: as drogas... Aínda que máis que un conto é un anticonto que presenta situacións comúns: o faro, a ponte, a embarcación, a illa... Gústame traballar coa fantasía, pero sempre a impregna a realidade, porque a fantasía pode falar de temas moi reais. Hai elementos fantásticos, como obxectos que falan, demos...

Dinky toma pastillas da felicidade mentres uns pais manipuladores a maltratan. Birdboy, un neno paxaro con medo a voar, tamén depende da droga. Un demo controla a Birdboy, uns demos queren controlar a Sandra... Que representan os demos? Os demos aparecen bastante, si. No caso de Birdboy, é un neno atormentado, misterioso, que non fala... Na primeira parte presentámolo como drogodependente, despois como gardián do bosque, logo como demo... O demo representa a súa dor.

As túas obras teñen moitas veces algo de desacougante, ás veces un pouco terrorífico. Un punto escuro, que remite tamén a autores como Poe ou Lovecraft, dos que ilustraches reedicións das súas obras... Lin moito a eses autores que citas. E si, chamáronme para ilustrar obras, precisamente, deles. Algo de influencia pode haber. En calquera caso, é unha mestura de influencias...

En *Psiconautas*, a autoridade é representación do abuso de poder, da falsidade, da corrupción. Abuso de poder tamén o hai en *Sangue de unicornio*: o irmán maior que humilla o pequeno... Si, en *Psiconautas* é unha autoridade na que se non se pode confiar, que non dá seguridade ningunha. En *Sangue de unicornio* é máis ben o *bullying*. En *Psiconautas* a autoridade é o policía, e tamén pode ser a relixión: o estado de control, por exemplo, no pai que lle dá un discurso á nena mentres a trata mal, ou os nenos esquecidos, que teñen os seus mantras, nunha sociedade marxinal que creou as súas propias leis.